

# MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES (2019)



Desde o ano 2008, a Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, e anteriormente a Delegación de Galicia do COB, presenta a correspondente Memoria Anual ante a Xunta Xeral de colexiados.

Inclúense os apartados informativos derivados da *Ley 25/2009, de 22 de diciembre, de modificación de diversas leyes para su adaptación a la Ley sobre el libre acceso a las actividades de servicios y su ejercicio (Ley Ómnibus)* e poñerase a información pública na páxina web do Colexio.

## Índice:

1. Actividades de defensa da profesión
2. Alegacións presentadas
3. Comisións sectoriais
4. Actividades de formación e xornadas técnicas.
5. Bolsa de Emprego.
6. Servizo de información.
7. Outros servizos colexiais.
8. Comunicados e noticias do COBGA nos medios.
9. Participacións do COBGA.
10. Varios.
11. Reunións do COBGA.
12. Percepcións membros Xunta de Goberno.
13. Informe anual de xestión económica.
14. Importe cotas aplicadas por concepto e tipo de servizo.
15. Información sobre procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución.
16. Información sobre queixas e reclamacións de consumidores.
17. Cambios no contido dos códigos deontolóxicos.
18. Normas sobre incompatibilidades e situacións de conflito.
19. Estatísticas colexiacións.
20. Información estatística sobre a actividade de visado.
21. Información estatística sobre a actividade de rexistro de traballos profesionais.

## 1. Actividades de defensa da profesión

*As accións de defensa da profesión xa foron informadas de forma pormenorizada na páxina web do Colexio e nos boletíns informativos periódicos e estiveron suscitadas por:*

### **1.1. Centro Tecnolóxico del Mar- Fundación CETMAR (31 de xaneiro).**

Resposta da Sra. Directora ao noso escrito "el objeto de este proyecto no se identifica con las funciones de su profesión, lo que viene a corroborar el que no se haya incluido su perfil dentro de las titulaciones requeridas en el anexo I de la convocatoria de la plaza".

### **1.2. Especialidade de análise e química industrial do corpo de profesores de ensino secundario (25 de febreiro).**

Envíaselle escrito ao Sr. Director Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación e simultaneamente, recurso de alzada ante a Sra. Conselleira de Educación, para que inclúa a nos titulación.

**1.3. Diputación de Ourense (4 de abril).** Presentamos recurso de reposición contra a Convocatoria para cubrir unha praza de técnico superior en prevención de riscos laborais para que se considere a nosa titulación.

### **1.4. Listas interinidades e substitucións Profesores de Ensinanza Secundaria e Profesores Técnicos de Formación Profesional.**

Temos coñecemento da tramitación da Orde polo que envíanse escritos á Sra. Conselleira e ao Sr. Director Xeral de Centros e RR. HH. para que nos consideren parte interesada. Posteriormente no período de alegacións presentamos escrito solicitando a inclusión da nosa titulación en diversas especialidades.

**1.5. Servizo Galego de Saúde.** A Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras convoca unha praza de Microbioloxía e Parasitoloxía. Exclúe a biólogos especialistas". Resposta o SERGAS corrixe a convocatoria.

**1.6. Sociedad de Salvamento y Seguridad Marítima.** Enviamos escrito en relación a convocatoria de praza de Técnico Superior da Secretaría Técnica (REF: TSC2017), na que non admitense biólogos, solicitando se teña en conta a nosa titulación.

**1.7. Concello da Coruña (16 de xullo).** Envíase escrito solicitando que na RPT do concello se inclúa a titulación de Bioloxía para acceder ao posto 1136 (Xefe de Sección de Biodiversidade).

**1.8. O CGCOB a instancia nosa remite escrito ao Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación en relación a Orden de 27 de agosto de 2020 (11 de setembro),** pola que se convocan bolsas de formación práctica para titulados universitarios na área de desenvolvemento rural, innovación e política forestal, na que exclúese aos biólogos, solicitando se modifique a convocatoria incluíndo a nosa titulación.

**1.9. Accións en relación cos docentes dos curso de mantemento de instalacións susceptibles de propagar a lexielose.**

**1.9.1. Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Sanidade (16 de xullo).** Escrito enviado reclamamos que no anexo de titulacións para impartir o bloque técnico inclúase a titulación de Bioloxía. o memos no escrito a **Dirección Xeral de Saúde Pública Consellería de Sanidade (19 de xullo).**

**1.9.2.** A Dirección Xeral de Saúde Pública contesta ao noso escrito e segue a excluírnos do anexo, polo que remitimos escrito ao **Conselleiro de Sanidade.**

**1.10. Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (25 de outubro).** O contrato de asistencia técnica para a realización do estudo de alternativas e documento ambiental para a mellora da garantía do abastecemento na zona sur da provincia de Pontevedra non admite biólogos como técnico ambiental. Escrito enviado ao Sr. Presidente. A Confederación rectifica o pliego e inclúe aos biólogos entre os técnicos ambientais do proxecto.

**1.11. Obradoiros de Emprego (8 de novembro).** Enviáronse escritos á Consellería de Economía, Emprego e Industria e ao Concellos de Ourense e a Mancomunidade Voluntaria de Concellos da Comarca de Ourense en relación ás convocatorias de obradoiros de emprego nas que para as prazas de director e docentes dos módulos: Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes e actividades auxiliares en conservación e mellora de montes non inclúen a titulación de bioloxía.

**1.12. Director Xeral de Función Pública (11 de novembro).** En relación co borrador da convocatoria para ingreso no corpo facultativo superior (escala de ciencias, especialidade bioloxía) da Administración especial da Xunta de Galicia, no noso escrito sinalase que debería terse en conta exclusivamente como requisito de participación a quen acredite posuír a titulación de Bioloxía.

**1.13. Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos Consellería de Educación (26 de novembro).** O procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de PTFP (especialidade de cociña e pastelería, 591201) non inclúe a titulación de Bioloxía.

## 2. Alegacións presentadas

**2.1. Plan reitor de uso e xestión dos parques naturais Enciña da Lastra, O Invernadeiro e Corrubedo (22 de febreiro).** Recibimos as respostas ás nosas alegacións por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Natural: Basicamente, "procedeuse á revisión do apartado de edafoloxía, facendo uso de traballos máis actuais e nomeando os solos aos que se fai referencia de maneira correcta/citando grupos de solo presentes no espazo natural.

**2.2. Plan Estratéxico de Galicia 2021-2030.** O noso compañeiro Alfonso Bar participou en nome do COBGA o pasado día 17 na EGAP na Mesa 2 de Medio Ambiente. Da súa intervención destacamos: Necesidade de clarificar e actualizar a lexislación sobre produtos fitosanitarios; Elaboración de manuais de boas practica agrícolas ...

**2.3. Emerxencia cinexética xabaril.** Enviábase escrito á Directora Xeral de Patrimonio Natural no que indicamos que consideramos prioritario dispoñer de información científica/técnica básica que permita unha xestión intelixente, eficaz e sostible dos recursos cinexéticos.

**2.4. Todos con la Directiva Marco del Agua.** O COBGA expresa a súa adhesión a este manifesto, suscrito por 12 entidades da sociedade civil comprometidas co uso sustentable da auga.

**2.5. Proxectos da Consellería de Economía, Emprego e Industria.** No escrito solicítase que, en cumprimento do establecido no artigo 9 da Lei 9/2018, que modifica a Lei 21/2013, de avaliación ambiental, se implementen as medidas pertinentes para garantir que o trámite de información pública dos proxectos xestionados pola Consellería sexa realizado electronicamente. A Consellería de Medio Ambiente xa está a cumprir este requisito de información pública por vía electrónica.

**2.6. Campionato provincial de caza do raposo.** Ante a próxima celebración en Cerdedo-Cotobade desta cacería, enviamos escrito á Sra. Directora Xeral de Patrimonio Natural preguntando pola existencia dun informe previo que avalíe a realización do evento.

### 3. Comisi3ns sectoriais

As Comisi3ns sectoriais son instrumentos de participaci3n colexial para asesorar, ser foro de debate, colaboraci3n, apoio 3 formaci3n, etc.

- Ao longo de 2019 non se houbo reuni3ns das comisi3ns sectoriais.

### 4. Actividades de formaci3n e xornadas t3cnicas

Unha das funci3ns do COBGA especificadas nos seus Estatutos 3 a de organizar cursos para procurar a formaci3n permanente e calquera outro tipo de actividades para o desenvolvemento profesional dos bi3logos.

**4.1. Curso de Iniciaci3n en Xesti3n e Control de Flora Ex3tica Invasora.** Outubro 2019. Na Facultade de Bioloxía Universidade de Vigo. Foi cancelado por falta de inscrici3ns.

**4.2. Curso Sistemas de Informaci3n Xeogr3fica.** Marzo 2019. Celebrouse na Facultade de Bioloxía USC. 7 alumnos/as.



## 5. Bolsa de Empleo

Enviáronse 109 ofertas específicas fundamentalmente relacionadas cos sectores calidade, ambiental, reprodución asistida, pesca, viticultura, docencia, comercial, farmacéutico, etc. A maior parte das recibidas inclúense nos NOVAS (cunha media de 10 en cada edición), xa que os ofertantes prefiren a máxima difusión delas.

## 6. Servizo de información

### 6.1. NOVAS COBGA.

En 2019 o boletín informativo mensual (NOVAS COBGA) mantivo as súas 12 edicións que foron colocándose puntualmente cada mes na nosa web de maneira reservada aos colexiados (e enviadas vía e-mail tamén) e cunha media de 35 páxinas. Contén as seccións habituais: A Xunta de Goberno informa; Empleo; Bolsas, Axudas e Subvencións; Premios; Actividades de formación; Congresos, Simposios, Reunións, Xornadas...; Recursos na Rede; Varios; Ofertas a colexiadas/os; Lexislación.

### 6.2. NOVAS Semanais

Os venres envíase esta folia informativa coas novidades da semana en curso, cunha media de 10 páxinas. 40 edicións. Ademais, os mércores envíase un avance chamado PRENOVAS.

### 6.3. Páxina web.

Visitas en 2019: 43.599; Directorio: 6.506; NOVAS COBGA e NOVAS Semanal: 7.699 visitas

#### 6.4. Redes Sociais.

- Facebook:

Publicacións: 394; "Me Gusta" na Páxina: 2.370; Alcance: 527.347

- Twitter:

Tuits: 361; Impresións de Tweets : 245.600; Novos seguidores: 402 .

- Linkedin:

Contactos: 2.767 (31/12/19, +588) .

## 7. Outros servizos colexiais

En 2019 os colexiados beneficiáronse de descontos negociados con provedores de:

### 7.1. bens e servizos:

Adelas Segurcaixa, Viajes Vitoria, ASISA (seguro sanitario), Principia (ciencia ilustrada), Centro de Iniciativas Empresariais MANS, Bodega La Perdida, NatureandPhoto (Julio Eiroa) (fotografía e material óptico), AEGON Seguros, Gran Hotel Los Abetos, Viajes Zonda-Club de Amigos Z, Fuco Reyes (fotógrafo), Talaso Hotel Louxo La Toja, Fílmate (fotografía, video e música), Clínica Baltar, Unión Madrileña de Seguros, Óptica Hermo, OCA Hotels, Manzaneda's Peak, Cestola na Cachola (artesanía), ASPY Prevención, Mimadriña (artesanía), Lara Harrán Clínica Dental, Eurostars Hotels, Eloymar Tranvías, Ciberviaxes, Hotel Vía Argentum, Pousadas de Compostela, Mercatinta, Hoteles Culturales Temáticos, Victoria Terán-Generali Seguros, Prodasva Consultoría y Gestión (protección de datos), Hotel Real, eHabilis (gestión de cursos on line), Solid Forest (cálculo huella de Carbono), San Francisco Hotel Monumento, Tus Casas Rurales, Editorial Hélice, Viajes Vitoria, A Cesta da Saúde, Coaga Correduría de Seguros, O Boi do Baladoiro, Musgo Aventura, Meraknautica

**7.2. actividades de formación (matrícula):**

Wornham School of English, UNED-Centro Universitario de Idiomas Digital y a Distancia (CUID), Formación 3.0, European Business Factory, AMBICAL, Centro Analítico Míguez & Muiños, IMASGAL, IBEROREST, Aula Genyca, RECURSOS Galicia, Simbiosis, TerraFirme, Inbiogal, Escuelas Infantiles PSN Bicos, Laber Formación, Áreas de Formación Estratégica, SRL, Art With Future e Fran Lorenzo, OELS Official English Language School, IDEA Educación Integral, Campus Stellae, Instituto Madrileño de Formación, Transmitting Science, La Academia, AIDICS Apoyo Integral al Desarrollo de la Investigación en Ciencias de la Salud, Sanea Formación, Centro Estudio (preparación oposiciones biólogos Xunta), Centro de Estudios Colegiales Colegio de Médicos de Barcelona, Escuela Infantil Plurilingüe Agasalle,

**7.3. Ferrer & Asociados** (Póliza seguro responsabilidade civil).

**7.4. Escola Galega de Administración Pública-EGAP.** Desenvolvemento de Actividades de Formación, Divulgación en Investigación.

## 8. Comunicados e noticias do COBGA nos medios

- **Premios Salvamento Marítimo** [18/12/19] [[nota de prensa](#)]
- **Denuncia oposicións biólogos Xunta** [05/12/19] [[nota de prensa](#)]
- **Accésit ao COBGA nos premios ODS 14 de Salvamento Marítimo** [19/11/19] [[nota de prensa](#)]
- **Curtometraxe "Escoita ao mar"** [17/09/19] [[nota de prensa](#)]
- **Xornadas de limpeza de lixos mariños nas furnas e fondos do arquipélago de Ons.** [12/09/19] [[nota de prensa](#)]
- **Curtometraxe Ponle Remedio.** [23/08/19] [[nota de prensa](#)]
- **Xornadas de limpeza de lixos mariños illa de Cortegada.** [21/06/19] [[nota de prensa](#)]
- **Día do Mundial do Medio Ambiente.** [05/06/19] [[nota de prensa](#)]
- **II Red para la recuperación de los ecosistemas marinos en el PNMT Illas Atlánticas de Galicia.** [22/03/19] [[nota de prensa](#)] [[prensa](#)]
- O COBGA reivindica a **vacinação** como mellor método de prevención de enfermidades causadas por microorganismos. [08/03/19] [[nota de prensa](#)] [[Intervención de Jose M Yriarte en EsRadio](#)] [[El Correo Gallego](#)] [[EuropaPress](#)] [[Galiciapress](#)] [[Galiciaconfidencial](#)] [[20 Minutos](#)]
- **Nuevo presidente del Consejo General de Colegios de Biólogos.** [14/02/19] [[nota de prensa](#)]
- **XIV Olimpiada Galega de Bioloxía - Fase Galega.** [18/01/19] [[nota de prensa 1](#)] [[nota de prensa 2](#)]

## 9. Participacións do COBGA

O Colexio estivo presente en diversos actos académicos e doutros tipos.

### 9.1. Consejo General de Colegios de Biólogos (GCOB)

O Decano e tres Vogais participaron en reunións do GCOB:

- 3 reunións da Comisión Permanente preparatorios dos respectivos Plenos
- Reunión da Comisión de Sanidade

Nelas se trataron asuntos coma a Regulación do Biólogo Sanitario, Biólogo Ambiental, e as novas especialidades sanitarias, etc

**9.2. Entrega de Premios da Unión Profesional de Galicia.** O Decano e unha Vogal asistiron a entrega dos premios "Profesional Colegiado del Año", no caso do COBGA entregouse a D<sup>a</sup> María Alicia Carolina Estévez Toranzo.

**9.3. Fundación CORBI.** O Decano e o Vogal de sanidade asistiron a reunión da Fundación CORBI onde tratáronse posibles colaboracións.

**9.4. Xornadas formativas sobre as actividades profesionais dos biólogos.** O 26 de marzo, celebrouse no Salón de Actos Facultade de Ciencias Universidade da Coruña, interviron o Decano da Facultade e o Decano do Colexio mais 3 colexiados/a do ámbito da Pesca, Investigación e a Sanidade. O 13 de maio, celebrouse no Salón de Actos Facultade de Bioloxía Universidade de Vigo interviron, o Decano da facultade e o Vogal de Sanidade que ademais falou do BIR, mais dous colexiados do ámbito da micoloxía e en reprodución asistida.

**9.5. Investimento como doutores honoris causa da USC, de Nicholas Peppas e Ben Feringa,** asistiu Mercedes Casal (Vogal).

**9.6. Actos de licenciatura e graduación.** O 14 de xuño o Decano asistiu ao Acto de Graduación da Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña e o 21 de xuño asistiu ao acto de Graduación da Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo. Graduáronse 62 alumnos/as en A Coruña e 60 en Vigo.

**9.7. O Vicedecano do Colexio** celebrou unha reunión na sede colexias con representantes da Asociación Profesional de Biólogos da Xunta para tratar asuntos de mutuo interese.

**9.8.0 vocal de educación do Colexio** participou como invitado na reunión da Conferencia Española de Decanos de Biología (CEDB), celebrada en Madrid, na cal tratáronse asuntos de interese para a profesión.

**9.9. O pasado 18 de xullo celebrose en Madrid unha reunión entre o CGCOB, a Conferencia Española de Decanos de Biología e a Asociación de Estudiantes de Biología de España**, na sede do CGCOB en Madrid, á que asistiron o Decano do COBGA e Pedro Pablo Gallego, vogal. Sirveu para constituir, de forma presencial, a Comisión Mixta formada por 3 membros de cada unha das tres organizacións. Debateuse a situación dos Estudos de Grao de Biología e a disparidade de competencias profesionais que existe entre os títulos. Tamén se revisaron, discutiron, integraron, melloraron e completaron as 20 competencias do borrador do título de Grao en Biología.

**9.10. O 28 de maio tivo lugar unha Reunión en el Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades (MICINN)** con el Secretario General de Universidades (MICINN) y representantes del Consejo General de Colegios Oficiales de Biología (CGCOB; Presidente y Representante de Universidades), de la Conferencia Española de Decanos de Biología (CEDB; Presidente y Secretario) y de la Asociación Estudiantes de Biología (AEBE; Vicepresidenta y vocal) para tratar a regulación do título de Grao en Biología, a través dun acordo do Consejo de Universidades. Tras la reunión, acordouse crear unha comisión mixta (3 membros por cada entidade: CGCOB, CEDB e AEBE) para elaborar unha proposta de traballo, e redactar un documento consensuado, que será remitido al MICINN una vez aprobado por los órganos colegiados de cada entidad.

## 10. Varios

### 10.1. Día do Biólogo

O xoves día 16 de maio celebramos o Día do Biólogo no Pazo de Adrán. Foi de novo unha reunión para reencontrarnos, coñecernos, compartir impresións e experiencias dentro e fóra da profesión. Ademais, foi o momento para agasallar aos colexiados que levan 25 anos ou máis no Colexio. Esta vez acudiron 9 deles. No seu nome pronunciou unhas palabras D. Fernando Cobo. O acto incluíu os nomeamentos de Biólogo, Empresa, Institución do Ano e Membro de Honra.

-Biólogo do Ano: Xacobo de Toro Cacharrón

-Institución do Ano: Centros Oceanográficos de Vigo e A Coruña

-Empresa do Ano: - Cooperativa Agrogandeira Monte Cabalar.

Asistiron tamén os decanos das facultades de Bioloxía de Santiago e Vigo e o presidente da Unión Profesional de Galicia.

**10.2. Fase Autonómica Galega da Olimpíada de Bioloxía. Celebrouse na Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña.** Esta foi xa a decimocarta edición do certame e nela participaron 80 estudantes de 34 centros de secundaria de Galicia. O acto foi clausurado polo Rector da Universidade da Coruña, D. Julio Abalde; o Decano da Facultade de Bioloxía da Uvigo, D. Jesús Míguez, o Decano do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, D. Pelayo Míguez Baños e o Delegado Institucional do COBGA na Olimpíada Española de Bioloxía. Os gañadores representaron á nosa comunidade na Fase Nacional, celebrada en Palma de Maiorca no mes de marzo.

### 10.3. Rede recuperación ecosistemas mariños no PNMT

O proxecto titulado II Red para la recuperación de los ecosistemas marinos en el PNMT Illas Atlánticas de Galicia desenvolveuse no arquipélago de Ons e Sálvora ao longo de 2019. O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) actuou como beneficiario e o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (PNMTIAG) en condición de socio, contando coa colaboración da Fundación Biodiversidad, do Ministerio de Transición Ecolóxica a través do Programa pleamar, cofinanciado polo FEMP.

O obxectivo principal foi recuperar a biodiversidade e os ecosistemas mariños do parque desde a sustentabilidade e contou coa participación do sector pesqueiro, tecido asociativo e investigador na formulación de propostas e accións cara a solucionar o problema dos lixos mariños no noso territorio.

Participaron 23 entidades colaboradoras: 3 centros de investigación, 3 universidades, 4 entidades do sector pesqueiro, 5 ONG's, 1 entidade do terceiro sector, 3 entidades deportivas, 1 centros educativos e 3 administracións.

Actividades realizadas: 5 reunións de traballo con 64 participantes, 4 xornadas/sesión formativas con 96 participantes, se participón en 6 seminarios/xornadas/reunións a nivale nacional e local, 7 Documentos elaborados. e 2 curtametraxes

Realizáronse 7 limpeza de praias, costas e fondos con 442 voluntarios e recolléronse 529 kg de residuos, maioritariamente plásticos.

**10.4. Premio de Salvamento Marítimo.** O Vicedecano, José Antonio Fernández recibiu en representación do Colexio no Salón de Actos do Ministerio de Fomento (Madrid) o Accesit Categoría 2: "Premio de Salvamento Marítimo a la mejor iniciativa de sensibilización para la conservación de nuestros mares, promoviendo así el ODS 14", dos premios de Salvamento Marítimo ODS14 "Por uns #MaresLimpos". O premio é ao noso proxecto I e II Rede para a Recuperación dos Ecosistemas Mariños no Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Proxecto capitaneado polo Colexio Oficial de Biólogos de Galicia e polo Parque Nacional Islas Atlánticas de Galicia e o Centro Oceanográfico de Vigo en condición de socios. O premio é tamen para todas e cada unha das case 40 entidades que forman parte da nosa rede!



## 11. Reunións do COBGA

O COBGA celebra as súas reunións propias e participa nas dos organismos dos que forma parte.

**11.1. A Xunta de Goberno** Reunións ordinarias o día 11 de abril. A **Xunta Xeral** ordinaria de colexiados celebrouse o día 26 de abril.

**11.2. Asistencia a reunións da Unión Profesional de Galicia.**

- Entrega Premios Unión Profesional. Asisten o Decano e unha vogal.
- Asamblea General Extraordinaria. Celebrada o 26 de marzo. Asiste o Decano.
- Toma de posesión nova Xunta de Goberno. Asiste o Decano.

## 12. Percepcións membros Xunta de Goberno

Os membros da Xunta de Goberno do COBGA non perciben ningunha remuneración en concepto de soldo nin de honorarios por asistencia ás reunións da Xunta de Goberno, da Xunta Xeral nin de ningún outro tipo. Só teñen dereito a recuperar o diñeiro que adiantan nos seus desplazamentos ás reunións colexiais como kilometraxe, dietas ou aloxamento.

- José Pelayo Míguez (Decano): 1.737,97 €
- Pedro Pablo Gallego (Vogal): 433,35 €
- José M. Martínez (Vogal): 204,85 €
- Mercedes Casal (Vogal): 45,57 €

A maioría dos gastos foron reingresados polo CGCOB.

## **13. Informe anual de xestión económica**

Disponible na información da Xunta Xeral

## 14. Importe cotas aplicadas por concepto e tipo de servizo:

| CONCEPTO  | IMPORTE (€)                     |
|---|---------------------------------|
| - Cota inscrición licenciados antes de 1 ano            | 15,00                           |
| - Cota inscrición licenciados despois de 1 ano          | 35,00                           |
| - Cota semestral colexiación normal                     | 51,50                           |
| - Cota semestral colexiación reducida                   | 30,00                           |
| - Compulsas colexiados                                  | 0,15                            |
| - Visado colexial                                       | Segundo o Regulamento de Visado |
| - Inscrición Rexistro traballos profesionais            | 0,1B (252,73 €) + IVE           |
| - Impresos certificados oficiais (xogo de 3 exemplares) | 6,31                            |

## **15. Información sobre procedimientos informativos e sancionadores en fase de instrucción.**

- Ao longo do ano 2019 non se produciron procedimientos informativos ou sancionadores.

## **16. Información sobre queixas e reclamacións de consumidores e usuarios ou as súas organizacións representativas.**

- Ao longo de 2019 non se produciu ningunha queixa ou reclamación de dita especie.

## **17. Cambios no contido dos seus códigos deontolóxicos.**

- Mercedes Casal (Vogal) e Jorge J Pérez (colexiado) participaron nas reunións do CGCOB nas que preparouse un borrador de código deontolóxico, no que se está a traballar.

## **18. Normas sobre incompatibilidades e situacións de conflito de intereses en que se atopan os membros da Xunta de Goberno.**

- Ao longo de 2019 non se produciron incompatibilidades ou conflitos de intereses entre os membros da Xunta de Goberno. Está previsto iniciar a redacción de ditas normas.

## **19. Estatísticas colexiacións.**

- En 2019 producíronse 44 altas (7 tipo B, 35 tipo C, 2 traslados) e 51 baixas (47 voluntarias e 1 por morosidade, 2 traslados, 1 falecemento). O activo a 31/12/2019 é de 1.233 colexiados/as.

## **20. Información estatística sobre a actividade de visado.**

- En 2019 non foi sometida ao trámite de visado colexial ningunha memoria de traballo profesional.

## **21. Información estadística sobre a actividad de rexistro de traballos profesionais.**

- En 2019 inscribíronse 2 memorias neste rexistro sobre Servicios DDD Sostenibles e Manual APPCC.